

AS EDICIÓNS INGLÉSAS DA POESÍA DE ROSALÍA DE CASTRO, 1964-2013

Jonathan Dunne

Small Stations Press

doi:10.17075/rcsxxi.2014.36



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O primeiro libro da literatura galega publicado en inglés é *Poems of Rosalía de Castro*, publicado polo Ministerio de Asuntos Exteriores en Madrid no ano 1964, hai 49 anos. Na lapela interior do libro di que «this work is the seventeenth in a series of translations published under the auspices of the Council of Europe, and has been subsidized by their grant. The intention of the series is to make literature written in the less known European languages available to a wider public» (Castro 1964)¹. O limiar e a selección son de José Filgueira-Valverde; a tradución é de Charles David Ley, un nome importante na historia da tradución da literatura galega ao inglés ao ser o primeiro en traducir un libro². O libro é unha escolma de 40 poemas galegos de Rosalía na súa versión inglesa. Os poemas están divididos en tres apartados: «Her view of herself», «The singer of her land» e «The singer and her people»³. Trece dos 40 poemas proceden de *Cantares gallegos*, os demais de *Follas novas*. Supoño que non hai ningún poema de *En las orillas del Sar* por tratarse dunha serie adicada exclusivamente aos «less known European languages».

- 1 As citas en inglés ao longo deste artigo danse en tradución miña ao galego: «esta obra é a décimo sétima nunha serie de traducións publicadas baixo os auspicios do Consello de Europa, e foi subvencionada cunha bolsa súa. O propósito da serie é poñer á disposición dun público máis amplo a literatura escrita nos idiomas europeos menos coñecidos».
- 2 Segundo a nota necrolóxica que José Ortega Spottorno publicou en *El País* o 15 de outubro de 1996, Charles David Ley foi profesor de inglés nos institutos británicos de Lisboa e de Madrid. En 1952, pasou á Universidade de Salamanca. En 1954, doutorouse na Universidade de Madrid cunha tese sobre «O gracioso no teatro da Península» e logo, en 1961, na Universidade de Londres cunha tese sobre «A poesía española a partir de 1939». De 1959 a 1978, deu clase no Dartford College of Technology en Kent, Inglaterra. Formaba parte dos faladoiros do café Fénix e do café Gijón, sobre os que escribiu un libro de memorias literarias, *La costanilla de los diablos*. En 1951, publicou nas edicións da Revista de Occidente un *Shakespeare para españoles*.
- 3 «A súa visión de si mesma», «A cantante da súa terra» e «A cantante e a súa xente». O apartado «The singer of her land» está subdividido en tres seccións —«The countryside», «The “Country House” of her ancestors» e «The shadow of the cathedral» («A paisaxe», «O pazo dos seus antergos» e «A sombra da catedral») — mentres que o apartado «The singer and her people» está subdividido noutras tres seccións: «Her destiny as a poet», «Peasant humour» e «Emigration» («O seu destino como poeta», «O humor paisano» e «A emigración»).

No seu limiar, Filgueira-Valverde trata a vida de Rosalía, a súa obra, os temas recorrentes e o seu significado. Este libro vén a celebrar o centenario da publicación de *Cantares* (non o 150 aniversario, como agora). Destaca o editor a coincidencia entre a redescuberta dos vellos textos medievais e a busca de Rosalía nas profundidades de Galicia: «no one had taught Rosalía what the root tendencies of Galician poetry were. She came upon them by intuition and gave them a new life» (Castro 1964: 9-10)⁴. Afirmar que Rosalía dá universalidade ao espírito de Galicia: «what made her such a symbol of the Galician spirit was the strange way in which she united pleasure and bitterness, anguish and humour. Just as the Galician people speak two languages, so do their emotions» (Castro 1964: 19)⁵. Analiza as súas obras⁶. Destaca na súa poesía a soidade, a súa relación coa natureza, a súa idealización de xentes e cousas humildes, o seu sentido da xustiza,

4 «Ninguén lle ensinara a Rosalía cales foron as tendencias primordiais da poesía galega. Ela atopounas por intuición e deulle unha nova vida».

5 «O que fixo que ela fose un símbolo tan grande do espírito galego foi a maneira estraña na que uniu o pracer e a amargura, a angustia e o humor. Tal e como a xente galega fala dous idiomas, así o fan as súas emocións».

6 Afirmar Filgueira-Valverde que Rosalía merece pertencer á literatura mundial só pola obra *El caballero de las botas azules*, «this disconcerting, ironical tale, full of happy laughter and wounding disillusionment. Everything is new and singular in this novel, the obsession with artistic fame, the falseness of social life in Madrid and the unexpected slant of the presentation, even at the end» (Castro 1964: 21 —«este conto desconcertante, irónico, cheo de risas felices e desilusións ferintes. Todo é novo e singular nesta novela, a obsesión coa fama artística, a falsidade da vida social en Madrid e a maneira inesperada da presentación, mesmo ao final»). De *La flor*, di que «no one has yet insisted enough on the soft nature (like that of the Spanish Romantic poet, Bécquer) of this first flower which bloomed in Rosalía's garden» (Castro 1964: 23 —«ata agora ninguén insistiu suficientemente na natureza doce (como a do poeta romántico español Bécquer) desta primeira flor que se abriu no xardín de Rosalía»). De *A mi madre*, di que «the writing is uneven. At times it grows prosaic and even uninspired. At others, she is swept forward by the effect of the countryside, even though this seems to be in an arbitrary, schematic and very commonplace way» (Castro 1964: 24 —«a escritura é desigual. Ás veces, faise prosaica e mesmo pouco inspirada. Noutras, ela é levada polo efecto da paisaxe, aínda que parece ser dunha maneira arbitraria, esquemática e moi tópica»). A *Cantares gallegos* chámalle «that great poetical treasure, the “Galician Songs”». In them the poetry of ancient days surged forth again and a people grew to awareness» (Castro 1964: 24 —«ese gran tesouro poético, os “Cantares gallegos”. Neles, a poesía de días antigos rexurdiu e unha xente chegou a concienciarse»). De *Follas novas* di que «Galicia is no longer the whole soul of her poetry. It is now the background and, in the forefront, we find the singer herself revealing her own sorrows and those of others. These are no longer just songs; they are laments» (Castro 1964: 26 —«Galicia xa non é a alma enteira da súa poesía. Agora é o fondo e, en primeiro plano, atopamos a mesma cantante que revela as súas tristezas e as doutros. Estes xa non son soamente cantares; son lamentos»). De *En las orillas del Sar* di que «it is a varied and very admirable collection of poems in Spanish [...]. She has evolved a poetry which

a súa descrición de costumes, o seu fogar, a súa necesidade da tristeza, a presenza da morte e o espírito relixioso («she needed God and sought him everywhere. Yet her faith was made up of doubts» —Castro 1964: 35⁷).

Na súa nota do tradutor que segue ao limiar de Filgueira-Valverde, comenta Charles David Ley que:

It has been my wish to preserve, as far as possible, the rhythm of the original poems throughout. Certain changes have, however, crept in here and there, due to the different nature of the Galician and English languages. At first, I fondly imagined I could keep the rhyme too, but if I had done that, I should have had to say many things Rosalía de Castro does not. The translation, as it is, is, I think, very faithful to the sense of the poetess and, I hope, to her meaning. So, as Rose Macaulay says, speaking of certain verse translations, «Why add rhymes?» Nevertheless, I have used a few assonances when they seemed especially appropriate⁸.

Debemos esperar 27 anos, ata 1991, para a seguinte escolma da poesía rosaliana, que é só o terceiro libro da literatura galega publicado en inglés. É dicir, despois de *Poems of Rosalía de Castro*, han pasar 25 anos ata que se publique outro libro da literatura galega en inglés (*Xente de aquí e de acolá* de Álvaro Cunqueiro en tradución de Sheila Ingrisano, publicado por Iberia en 1989; os dous primeiros son os únicos libros que saíron en Madrid). A escolma, titulada simplemente *Poems*, é obra de dúas profesoras de español na Universidade do Norte de Arizona, Anna-Marie Aldaz e Barbara Gantt. A tradución foi revisada pola poeta

is philosophical in content. We are very far from the “Songs” (Castro 1964: 27-28 —«é unha colección de poemas en español variada e moi admirable [...]. Ela desenvolveu unha poesía que é filosófica no seu contido. Estamos moi lonxe dos “Cantares”».

- 7 «Ela necesitaba a Deus e buscouno en todas as partes. Porén, a súa fe estaba composta de dúbidas».
- 8 «Foi o meu desexo preservar, na medida do posible, o ritmo dos poemas orixinais de principio a fin. Con todo, entraron aquí e acolá certos cambios debidos á distinta natureza dos idiomas galego e inglés. Para empezar, tenramente imaxinei que podía manter a rima tamén, mais se o chego a facer, debería dicir moitas cousas que Rosalía de Castro non di. A tradución, tal e como está, coído que é moi fiel ao sentido da poeta e espero que ao seu significado. Polo tanto, como afirma Rose Macaulay cando fala de varias traducións en verso, “Para que engadir rimas?” Dito iso, empreguei unhas poucas asonancias onde semellaron especialmente apropiadas». Antecede á nota do tradutor unha breve cronoloxía. Segue aos poemas unha bibliografía extensa de dezaseis páxinas. Xosé Manuel Beiras escribiu unha recensión xeralmente favorable deste libro no número de *Grial* correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 1965.

Anne Bromley, daquela profesora de inglés na Universidade de Radford, Virxinia. Forma parte da serie «Women Writers in Translation» («Mulleres escritoras en tradución»), que publica a Universidade Estatal de Nova York. Na contraportada di que «this book presents translations of poems by the Spanish poet, Rosalía de Castro, who is today considered one of the outstanding figures of nineteenth-century Spanish literature» (Castro 1991)⁹. É comparada con Emily Dickinson e Walt Whitman. Coméntase que «had Rosalía written in English, these translations/poems would have come close to the verse she would have written; they are that much in harmony with the originals» (Castro 1991)¹⁰.

O libro conta con dous limiares. O primeiro, asinado polo director de Estudos da Muller da Universidade do Norte de Arizona, Joseph Boles, e pola propia Anne Bromley, intenta situar a Rosalía nos marcos dos termos romanticismo, modernismo e feminismo. É comparada con William Blake e Walt Whitman na súa compaixón pola xente oprimida; con Robert Frost na maneira de exaltar un país; con T. S. Eliot na maneira de emparellar as paisaxes cos pensamentos; con Eliot, Wallace Stevens e Hart Crane na crise da fe relixiosa; con William Carlos Williams, Theodore Roethke e Sylvia Plath na súa espiritualidade persoal e mística. Segue a este limiar outro limiar máis longo, asinado polas dúas tradutoras, que abrangue a vida da poeta, Rosalía no contexto da literatura española, Rosalía e o lector anglófono, unha análise temática da súa poesía e a propia tradución. Destacan as tradutoras a influencia de Rosalía sobre as xeracións do 98 e do 27¹¹. Xustifican a súa escolma: unha mostra representativa do estilo e da temática de *Cantares gallegos*, que consta do prólogo e de cinco poemas; unha mostra máis extensa de *Follas novas* e de *En las orillas del Sar*, «since these two books include her best poems upon which her reputation rests» (Castro 1991: 16)¹². En efecto, a selección de *Follas novas* consta do prólogo e de 50 poemas¹³; a selección de *En las orillas del Sar* consta de 64 poemas: un total de 119 poemas, cunha preferencia

9 «Este libro presenta traducións de poemas da poeta española Rosalía de Castro, que se considera hoxe unha das figuras máis sobresaíntes da literatura española do século dezanove».

10 «De chegar Rosalía a escribir en inglés, estas traducións-poemas achegaríanse moito ao verso que ela escribiría, tan en harmonía están cos orixinais».

11 En especial, sobre os poetas Miguel de Unamuno, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Luis Cernuda, Gerardo Diego e Federico García Lorca.

12 «Dado que estes dous libros inclúen os seus mellores poemas, sobre os que descansa a súa reputación».

13 Os 20 de «Vaguedás», 22 de «¡Do íntimo!» e 8 máis.

polos poemas curtos e líricos (ás veces, incompletos e coa confusión inherente nas edicións de *En las orillas del Sar* de onde se dividen algúns poemas). «In our translations we have been guided by the maxim that a good prose translation is preferable to a bad rhymed one, and thus we have chosen not to use rhyme except on rare occasions» (Castro 1991: 17)¹⁴. Basean esta decisión na diferenza entre as linguas románicas, que son «rich in rhyme» («ricas en rima»), e o inglés, que non o é¹⁵. Din que a colaboración coa poeta Anne Bromley «has been the key to shaping the style, diction, and tone of our translations» (Castro 1991: 19)¹⁶ e dan un exemplo de como as súas versións se fixeron menos literais e máis poéticas cando foron revisadas. Mantiveron o aspecto visual dos poemas na páxina; no caso de existir ambigüidade sobre o xénero de quen fala no poema, optaron polo xénero feminino; evitaron a frase «el que» e optaron por «los/las que» (en inglés, «those who», que non amosa xénero); evitaron a introdución dunha connotación sexista na frase «¡Justicia de los hombres!», escribindo «Human justice!» no canto de «Justice of men!»¹⁷.

1991 é o ano en que publica Kathleen March a súa *Anthology of Galician Short Stories: Así vai o conto*. A década dos 90 ve un total de nove títulos da literatura galega publicados en inglés, co traballo de tradutores como Carys Evans-Corrales, Jack Hill, Colin Smith e John Rutherford. A década dos anos 2000 ve un incremento: 21 títulos da literatura galega en inglés, cos mesmos tradutores e outros como Roy Boland, John Burns, Erín Moure e Jonathan Dunne. Entre estes títulos está a terceira escolma da poesía rosaliana, os *Selected Poems*, en edición do poeta irlandés Michael Smith, por vez primeira en versión bilingüe, que sacou unha das editoriais que máis literatura galega publicaron en inglés —xunto con Harvill Secker e Small Stations Press—, Shearsman Books, en 2007¹⁸. Na contraportada

14 «Nas nosas traducións guiámonos pola máxima de que unha boa tradución en prosa é preferible a unha mala tradución en rima e, polo tanto, eliximos non utilizar a rima, excepto en contadas ocasións».

15 Neste sentido, critican a tradución de Griswold Morley de 60 poemas de *En las orillas del Sar* —*Beside the River Sar*— que publicou a Universidade de California en 1937 por ser «quaint and old-fashioned» (Castro 1991: 17 —«pintoresca e anticuada»); a de Charles David Ley por ser «stilted and dated» (Castro 1991: 17 —«forzada e pasada de moda»). Acusan a Morley de utilizar a rima mesmo cando non a utiliza Rosalía.

16 «Foi clave en formar o estilo, a dición e o ton das nosas traducións».

17 A obra conta cunha breve cronoloxía, unhas poucas notas á tradución, unha bibliografía extensa e dous índices cos títulos ou primeiros versos dos poemas en galego e en castelán.

18 Cada editorial publicou seis títulos da literatura galega en inglés ata a primeira metade de 2013.

di que *Cantares gallegos* representa «a major contribution to the revival of Galician literature after centuries of neglect, indeed the first significant contribution since the Middle Ages» (Castro 2007)¹⁹, e que a autora sufriu «because she was a woman poet, first and foremost, but also because she was “provincial”, and because she wrote some of her most significant work in Galician» (Castro 2007)²⁰. O libro consta dun breve limiar cunha pequena biografía con certos erros: o seu marido chámase Miguel Murguía; *Cantares gallegos* foi «a major contribution towards the revival of Galician literature after centuries of non-existence, indeed since the Middle Ages» (Castro 2007: 10)²¹. Por que, neste caso, á parte dos textos escritos que houbo, sempre desprezamos a literatura de tradición oral? Afirmo o editor que Rosalía non foi unha Emily Dickinson española, dado que a súa experiencia foi «always deeply imbued with a communal sense usually lacking in the North American poet» (Castro 2007: 13)²². Os «poemas escollidos» mellor debían chamarse «poemas e prosa escollidos» porque ao final do libro o editor inclúe unha tradución de *Las literatas*. No índice, parece que son oito poemas de *A mi madre* cando, en realidade, son as oito seccións dun mesmo poema, «Ya pasó la estación de los calores». Pasa o mesmo con *Cantares gallegos*, que parecen ser cinco poemas, pero só é un, «Campanas de Bastabales» (a data do libro dáse como 1868). De *Follas novas* é o prólogo seguido de 25 poemas dos libros «Vaguedás» e «¡Do íntimo!» (ningún poema dos libros terceiro a quinto). De *En las orillas del Sar*, son 29 poemas. En total, son 26 poemas galegos e 30 poemas casteláns, co texto engadido de *Las literatas*²³. Sobre a tradución, confesa o editor que «I was helped with my translations of the Galician poems by literal translations

19 «Unha contribución maior ao rexurdimento da literatura galega despois de séculos de abandono, en efecto a primeira contribución significativa dende a Idade Media».

20 «Porque era unha muller poeta, en primeiro lugar, mais tamén porque era “provincial” e porque escribiu parte da súa obra máis importante en galego».

21 «Unha contribución maior para o rexurdimento da literatura galega despois de séculos de inexistencia, mesmo dende a Idade Media».

22 «Sempre profundamente imbuída dun sentido comunal normalmente ausente na poeta norteamericana».

23 A orde dalgúns poemas nesta edición está cambiada. En *Follas novas*, «Que pasa ao redor de min?» precede a «*Follas novas!*, risa dáme»; «Aquel romor de cántigas e risas» precede a «Xa nin rencor nin desprezo»; «De balde» precede a «Cada noite eu chorando pensaba»; «Corré, serenas ondas cristaiñas» segue a «*¡Tas-tis, tas-tis!*, na silenciosa noite». En *En las orillas del Sar*, «Ya duermen en su tumba las pasiones» precede a «Un manso río, una vereda estrecha»; «De este mundo en la comedia» precede a «Las campanas»; «Al caer despeñado en la hondura» precede a «¡No! No ha nacido para amar, sin duda» (porén, dáse o título

into Spanish made for me by some Spanish friends» (Castro 2007: 14)²⁴. Á parte diso, destaca que non versificou os poemas de Rosalía, «hoping thereby to avoid the debilitation of paraphrase and padding. Instead, I have attempted to achieve rhythms appropriate to each poem while at the same time staying “faithful” to my originals» (Castro 2007: 13)²⁵.

Os tres anos e medio que pasaron dende 2010 viron outros 21 títulos da literatura galega publicados en inglés, un incremento notable. O primeiro título sae en 1964. De 1989 a 1999, son dez títulos. Na década dos anos 2000, son 21; e 21 de 2010 a hoxe. Destes, un é a cuarta e máis recente escolma da poesía rosaliana, *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro*, editada por John e Aileen Dever e publicada por Edwin Mellen Press en 2010. Esta é a escolma máis voluminosa. John Dever foi profesor na Universidade Estatal do Oeste de Connecticut, mentres que a súa filla, Aileen Dever, é profesora de español na Universidade Quinnipiac en Hamden, Connecticut. O libro conta con dous limiares: un de Marco Arenas, profesor da Universidade Estatal de Connecticut Central, que avoga por un mellor coñecemento de Rosalía de Castro, de quen destaca «the unjust relegation of this brilliant writer to insignificance for reasons absolutely

deste poema segundo a edición de 1909: «Yo no he nacido para odiar, sin duda»); «Aunque no alcancen gloria» e «Hora tras hora, día tras día», poemas engadidos en 1909, danse a continuación, e gárdase «Era apacible el día» para o final.

24 «Fun axudado coas miñas traducións dos poemas galegos por traducións literais ao español feitas para min por algúns amigos españois».

25 «Esperando así evitar a debilitación da paráfrase e do recheo. A cambio, tentei acadar ritmos apropiados para cada poema e, ao mesmo tempo, permanecer “fiel” aos meus orixinais». Hai certa obsesión dos tradutores coa fidelidade aos orixinais. Para min, os «orixinais» non son exactamente orixinais senón que, dalgún xeito, tamén son traducións: traducións de historias contadas, de experiencias vividas, de coñecemento adquirido, de ideas recibidas. Todo o que fai o ser humano nesta vida é tradución; as cousas pasan a través del, incluída a vida. Ao meu ver, é moi importante ao traducir un texto *oir* a tradución en vez de *facela* (o facer equivale á parte preparativa de buscar palabras, consultar co escritor do texto, investigar en internet, etc. Esta é a parte horizontal. O traducir é a parte vertical, que debe ser relativamente rápida). Así somos fieis non á letra do texto que traducimos, senón ao seu espírito. Unha vez que se entenda todo proceso humano como tradución, cambia o significado da fidelidade (fidelidade a quen ou a que?) e xa non é imposible traducir un texto porque se traduce o seu espírito. Evidentemente, na maioría dos casos, é a letra a que se traduce tamén, pero debe existir esta marxe para evitar unha tradución literal, carente de espírito. Non se debe entender este como un proceso pasivo, senón como un proceso en que o tradutor participa activamente, dando e sacando sentido ao mesmo tempo.

irrelevant to the quality of her works» (Castro 2010: iv)²⁶, e outro máis extenso dos dous editores no que se trata a tradución, Galicia, os espíritos supernaturais, a lingua galega, a vida e o legado, os temas e as técnicas, as obras principais, o éxito e os sucesores²⁷. O libro consta de 3 textos en prosa; a dedicatoria, o prólogo e 15 poemas de *Cantares gallegos*; a dedicatoria, o prólogo e 56 poemas de *Follas novas*; e 36 poemas de *En las orillas del Sar*: un total de 107 poemas e mais os

26 «A inxusta relegación desta brillante escritora á insignificancia por razóns totalmente irrelevantes á calidade das súas obras».

27 É curiosa a atención que prestan os editores aos espíritos supernaturais e ás sombras: «First, a “shadow” may have merely a concrete, descriptive purpose as in “á sombra dos salgueiros” (in the shadows of the willows). Second, a “shadow” can possess symbolic significance, expressive, for instance, of the pain of human existence as in these excerpted lines from the “¡Do íntimo!” (Innermost Feelings) section of *Follas novas* (New Leaves): “Within myself alone, probing the darkness / and entering into the shadows / I saw the night that never ends / in my lonely soul”. The third kind of “shadow” is more precisely a “shadow-spirit” and forms one of the most intriguing aspects of Rosalía’s poetic world. These shadow-spirits are loved ones who have died yet drift in a mysterious realm hovering between life and death, awaiting those they love before departing. Anthropomorphized, these spirits have a fundamental role in the lives of the living and possess the full range of human emotions. In Poem 32 of *Cantares gallegos*, Rosalía’s mother is a sad, solitary shadow-spirit: “That’s how I imagine the sorrowful shadow-spirit / of my mother, lonely roaming / in the spheres where she exists; / rising to heaven she resists, / awaiting the ones whom she loved”. Even though Rosalía’s faith in traditional Catholic dogma may falter at times, she believed consistently in these shadow-spirits of a pre-Christian era with whom she intimately communes. It is particularly interesting how naturally these shadow-spirits appear and engage Rosalía’s various poetic voices in a sort of magic realism» (Castro 2010: 7-8 —«Primeiro, unha “sombra” pode ter un propósito simplemente concreto, descritivo, como en “á sombra dos salgueiros”. Segundo, unha “sombra” pode posuír un significado simbólico, expresivo, por exemplo da dor da existencia humana como nestes versos extraídos da sección “¡Do íntimo!” de *Follas novas*: “Só en min mesma buscando no escuro / i entrando na sombra, / vin a noite que nunca se acaba / na miña alma soia”. A terceira especie de “sombra” é máis ben un “espírito-sombra” que forma un dos aspectos máis intrigantes do mundo poético de Rosalía. Estes espíritos-sombra son seres queridos que morreron, pero vagan nun reino misterioso suspendido entre a vida e a morte, agardando aos que aman antes de marchar. Antropomorfizados, estes espíritos teñen un papel fundamental nas vidas dos vivos e posúen a gama enteira das emocións humanas. No poema 32 de *Cantares gallegos*, a nai de Rosalía é un espírito-sombra triste e solitario: “Tal maxino a sombra triste / de mi maa, soia vagando / nas esferas onde existe; / que ir á gloria se resiste, / polos que quixo agardando”. Aínda que a fe de Rosalía no dogma católico tradicional pode vacilar, ás veces ela creu consistentemente nestes espíritos-sombra dunha era precristiá cos que se relaciona intimamente. É especialmente interesante a naturalidade coa que estes espíritos-sombra aparecen e tratan as distintas voces poéticas de Rosalía nunha especie de realismo máxico»). No seu limiar, Marco Arenas tamén subliña o legado de Rosalía para co realismo máxico.

textos en prosa²⁸. A escolma segue sendo a máis voluminosa por tratarse dunha edición bilingüe e porque se dan poemas longos e completos (especialmente os de *En las orillas del Sar*). Ademais, cada texto vai acompañado dunha descrición contextual. Os textos aparecen nas páxinas impares, as traducións nas páxinas pares, o cal impide deles simultaneamente, un lamentable erro de deseño que sería moi doado rectificar. No seu limiar, declaran os editores que «our primary objective has been the utmost faithfulness possible to Rosalía's originals [...]. We sacrifice sound to sense always unless the two come seamlessly together» (Castro 2010: 2)²⁹. Como as editoras de *Poems*, foron «attentive to linguistic gender bias throughout this project as Rosalía would have wanted a translation that strove for inclusivity» (Castro 2010: 2-3)³⁰. Traducen «los hombres» como «people», «humans» ou «humanity» («xente», «humanos» ou «humanidade»), a menos que o significado sexa específico; utilizan o plural para acadar a neutralidade de xénero; ás veces, cando o xénero da voz poética non está claro, utilizan «ela». Recoñecen o labor dos tradutores que os precederon³¹, pero afirman que a súa tradución é distinta «in that it consists of a larger selection of Rosalía's works allowing students and scholars to gain a more comprehensive appreciation of Rosalía as a writer» (Castro 2010: 3)³².

Agás a escolma de Griswold Morley de 60 poemas de *En las orillas del Sar* que saíu en 1937, hai outras dúas escolmas da poesía castelá de Rosalía —*Rosalía de Castro: Selected poems rendered into English verse* e *Rosalía de Castro: Margarita & other poems in Spanish & English*— autoeditadas en 2011 polo escritor e cinéfilo

28 Os textos en prosa son: *Lieders*; o prólogo de *La hija del mar*; e *Las literatas*. De *Follas novas*, son 15 poemas de «Vaguedás», 22 de «¡Do íntimo!», 11 de «Varia», 2 de «Da terra» e 6 de «As viudas». Hai fotos, notas á tradución, unha bibliografía e un índice conxunto de persoas e de títulos en galego, en castelán e en inglés.

29 «O noso obxectivo primordial foi a absoluta fidelidade aos orixinais de Rosalía [...]. Sacrificamos o son ao sentido sempre, a menos que veñan os dous xuntos sen costura».

30 «Atentos ao nesgo lingüístico de xénero ao longo deste proxecto, dado que Rosalía quereda unha tradución que buscara a inclusividade».

31 Citan as escolmas de Morley, Ley e Aldaz/Gantt/Bromley sen mencionar a escolma de Michael Smith. Din que «Kathleen Kulp-Hill's educative book *Rosalía de Castro* (1977) also includes many brilliant English translations of Rosalía's poetry» (Castro 2010: 3 —«O libro educativo de Kathleen Kulp-Hill *Rosalía de Castro* (1977) tamén inclúe moitas brillantes traducións ao inglés da poesía de Rosalía»).

32 «No sentido de que consta dunha escolma máis ampla das obras de Rosalía que lles permite aos estudantes e aos académicos acadar unha apreciación máis comprensiva de Rosalía como escritora».

australiano John Howard Reid³³. Se entras en Amazon e buscas «rosalia de castro» baixo «Books» («Libros»), a primeira destas dúas escolmas é a primeira tradución ao inglés que verás, á venda por dez dólares, e que o lector non informado probablemente mercará, seguido da escolma, ao meu ver desigual, de Michael Smith, á venda por 17 dólares. A escolma de Aldaz, Gantt e Bromley non sae ata a sétima páxina e véndese por 30 dólares, se é que o lector chega ata aí. A moi loable escolma dos Dever sae na páxina dez, sen imaxe da cuberta, que a fai pouco visible, e por un prezo absurdo de 150 dólares (os prezos das publicacións de Edwin Mellen Press son moi altos). Polo tanto, é probable que o lector xeral quede ou coa escolma dun afeccionado australiano de poemas casteláns reconstruídos, repetidos e mesmo incompletos ou, se opta por pagar un pouco máis, coa escolma de Michael Smith, que conta cun só poema de *Cantares gallegos* e con ningún poema dos libros terceiro a quinto de *Follas novas*³⁴.

É só en febreiro deste ano cando sae un poemario completo de Rosalía de Castro en inglés: *Galician Songs*, en tradución da poeta canadense Erín Moure, editado pola miña editorial, Small Stations Press, en colaboración coa Xunta de Galicia, con distribución directa nos mercados do Reino Unido, de Estados Unidos e de Australia. Constitúe unha edición seria dunha tradutora con ampla experiencia, que inclúe un limiar en que avoga a tradutora pola relevancia de Rosalía no século XXI, en inglés, e explica como mantivo a musicalidade dos versos baseándose nas cancións do Oeste que escoitara na súa nenez; os 36 poemas da segunda edición de 1872 (co poema de Ventura Ruiz Aguilera nunha fonte distinta, non numerado —os demais poemas están numerados todos, incluída a resposta de Rosalía ao poema de Ruiz Aguilera); un apéndice cos dous poemas engadidos na edición de 1909; o glosario de voces galegas que preparou Manuel Murguía pola musicalidade dos propios termos (que se dan sen a súa acepción); e dous índices: un dos títulos dos poemas en inglés e outro dos títulos en galego para que o coñecedor dos textos en galego poida atopar o poema que busca. A edición completa en inglés de *Cantares gallegos* corrixe unha eiva que había no mercado anglosaxón —a falta dun poemario completo de Rosalía en inglés— e,

33 Publiquei entrevistas cos editores Anna-Marie Aldaz, Michael Smith, Aileen Dever e John Howard Reid ao longo dos meses de febreiro e marzo de 2013 no meu blogue <http://www.mundoadiante.blogspot.com>.

34 Accedín á páxina web <http://www.amazon.com> e busquei o termo «rosalia de castro» (sen comiñas) baixo «Books» («Libros») o día 9 de maio de 2013.

ata certo punto, obvia a necesidade dunha escolma ao contar o lector anglófono xa cun libro completo, pero están por sacar en inglés edicións de *Follas novas* e de *En las orillas del Sar*, e, como editor, sigo empeñado en publicar estes dous títulos³⁵.

A continuación, dou o texto en galego e cinco traducións ao inglés da copla e da primeira sección do poema «Campanas de Bastabales», o único poema traducido nas catro escolmas da poesía galega de Rosalía e por Erín Moure para que se poidan comparar:

ROSALÍA DE CASTRO (1863):

Campanas de Bastabales,

Cando vos oyo tocar,

Mórrome de soidades.

I

Cando vos oyo tocar,
Campaniñas, campaniñas,
Sin querer torno á chorar.

Cando de lonxe vos oyo,
Penso que por min chamades,
E das entrañas me doyo.

Dóyome de dor ferida,
Qu'antes tiña vida enteira,
Y oxe teño media vida.

35 Para o lector xeral, son absolutamente irrelevantes as traducións non publicadas, como as de Anne Marie Morris, e de relevancia limitada ao achegarse á obra de Rosalía de Castro as traducións incluídas en antoloxías xerais ou en estudos, como as de Aubrey Bell, Kathleen Kulp-Hill, Annette Meakin ou Edwin Morgan. O lector xeral en inglés necesita contar con libros de literatura que leven o nome de Rosalía de Castro na cuberta, feitos con calidade, a un prezo normal e debidamente distribuídos. A 128 anos da súa morte, segue habendo importantes lagoas na dispoñibilidade da obra de Rosalía na lingua mundial, que é o inglés: refírome á falta de edicións completas en inglés, debidamente traducidas e distribuídas, dos poemarios *Follas novas* e *En las orillas del Sar*.

Solo media me deixaron
Os que d'aló me trouxeron,
Os que d'aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡Ay! uns amores toliños,
¡Ay! uns toliños amores.

Qu'os amores xa fuxiron,
As soidades viñeron...
De pena me consumiron.

(Castro 1872: 59-60)

ROSALÍA DE CASTRO/CHARLES DAVID LEY (1964):

*You church-bells of Bastabales,
Whenever I hear you ring
I feel dying of my solitude.*

I

Whenever I hear you ring,
Little church-bells, little church-bells,
I weep, though against my will.

When I hear you in the distance,
I think that I hear you call me.
I'm hurt with the pain within me.

The wound of my sorrow hurts me,
For I had a whole life formerly
And now there's a half-life left me.

Only a half-life was left me
By those who have brought me away from there,
By those who have stolen me away from there.

Would I'd not been stolen treacherously
By my oh so foolish loving,
By my oh so loving folly.

For my loving fled away from me,
And my solitude came to me
And it wasted me with sorrow.

(Castro 1964: 73-74)

ROSALÍA DE CASTRO/ANNA-MARIE ALDAZ, BARBARA GANTT,
ANNE BROMLEY (1991):

*Bells of Bastabales,
when I hear you ring,
I die of yearning.*

I

When I hear you ring,
bells, little bells,
I cannot stop my tears.

When I hear you in the distance,
I think you call me
and my heart aches.

I ache from a deep wound—
before, my life was whole,
but now it is only half.

Half my life was stolen
by those who brought me here,
by those who carried me away.

But those villains
could not take away my foolish love,
my oh! so foolish love.

By now love is gone,
loneliness has returned...
and I am consumed by grief.

(Castro 1991: 36)

ROSALÍA DE CASTRO/MICHAEL SMITH (2007):

*Bells of Bastabales,
when I hear you toll,
of longing I die.*

I

When I hear you toll,
little bells, little bells,
I can't help but cry.

When I hear you afar,
I think it's me you call,
and heartache conquers me.

Grief-stricken I hurt:
for I who had a full life,
now have half a life.

Half a life they've left me,
those who brought me here,
those who stole me thence.

Traitors, they didn't rob me,
ah, of some mad loves,
ah, of loves so mad!

Loves now are gone,
solitudes came instead...
and devoured me with grief.

(Castro 2007: 25)

ROSALÍA DE CASTRO/JOHN AND AILEEN DEVER (2010):

*Bells of Bastabales,
when I hear you peal,
I die of loneliness.*

I

When I hear you peal,
little bells, little bells,
without wanting to I cry again.

When I hear you from far away,
I feel that you are calling to me,
and my heart aches.

I'm suffering from an aching wound,
for before my life was whole
and now I have half a life.

Only half a life they left me
those who took me from there,
those who stole me from there.

Yet those traitors couldn't steal me away,
oh!, my foolish love,
oh!, my foolish love.

For love slipped away,
loneliness came...
and I'm consumed by pain.

(Castro 2010: 102, 104)

ROSALÍA DE CASTRO/ERÍN MOURE (2013):

*Bells of Bastabales,
When I hear you call,
I die of yearnings.*

I

When I hear you call,
Dear bells, beloved bells,
I can't help but start to cry.

When I hear you in the distance,
I think it's for me you're calling
And I ache in my heart.

I ache wounded, pining,
For once my life was whole
And today my life's but half.

Only half they left me,
Those over there who brought me,
Those over there who robbed me.

You'll not rob me again, traitors,
Oh, what a senseless love!
Oh, a love completely senseless!

And now with love long gone,
The yearnings have come...
And consume me with grief.

(Castro 2013: 65)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CASTRO, Rosalía de (1872): *Cantares gallegos: Nueva edición, corregida y aumentada*, Madrid, Librería de D. Leocadio López, Editor.
- CASTRO, Rosalía de (1964): *The Poems of Rosalía de Castro*. [Translated from the Galician by Charles David Ley. Introduction and Selection by J. Filgueira-Valverde]. Madrid, The Ministry of Foreign Affairs.
- CASTRO, Rosalía de (1991): *Poems*. [Edited and translated by Anna-Marie Aldaz, Barbara N. Gantt and Anne C. Bromley]. Albany, State University of New York Press.
- CASTRO, Rosalía de (2007): *Selected Poems*. [Translated with an introduction by Michael Smith]. Exeter, Shearsman Books.
- CASTRO, Rosalía de (2010): *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro: A Bilingual Facing Page Edition*. [Translated from the Galician and Spanish, with an introduction by John P. Dever and Aileen Dever. With a preface by Marco A. Arenas]. Lewiston/Queenston/Lampeter, The Edwin Mellen Press.
- CASTRO, Rosalía de (2013): *Galician Songs*. [Translated from Galician by Erín Moure]. Sofia, Small Stations Press / [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia.